

“Se chamamos **sensibilidade** á **receptividade** do noso ánimo (psique), para captar **representacións** en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, **a facultade de producir por nós mesmos representacións, a espontaneidade do coñecemento, será entendemento.**”

Idea pral.

A sensibilidade é a facultade de captar os obxectos que impactan no individuo e o entendemento de pensalos.

Á nosa natureza pertence que a **intuición** nunca poida ser máis ca **sensible**, é dicir, contén unicamente **o modo cómo** somos afectados polos obxectos. Pola contra, **a facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento.**

Idea pral.

A intuición sempre é sensible.

Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. **Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas.** Por iso tan necesario é facer os seus conceptos **sensibles** (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) **como** facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). **Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións.** O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. **Unicamente na súa reunión pode**

Idea pral.

Intuición e sensibilidade son complementarias. Sen sensibilidade non poderíamos percibir os obxectos e sen entendemento non poderíamos pensalos

orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separaralos coidadosamente e distinguilos entre si. **Por iso distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica.**”

Idea pral.

O coñecemento é resultado da unión entre sensibilidade e entendemento. Síntese empirista – racionalista.

Idea pral.

En función da facultade se distinguen dúas ciencias: A estética sobre a sensibilidade e a lóxica sobre o entendemento

I. KANT; Crítica da razón pura, (A51/B75-A52/B76) I. Doutrina trascendental dos elementos, 2ª parte: A lóxica trascendental. (Trad. de Rafael MartínezC., USC)



Kant di que a intuición é sempre sensible, pero, ao mesmo tempo fala de intuicións puras: como é posible?

Porque Kant distingue dentro da intuición:

- Materia: O contido das sensacións (cores, sons, dureza, sabor, etc.) → empírico
- Forma: A maneira que ordenamos a materia → non empíricas (espazo e tempo: intuicións puras).

Ademais, Kant subliña que a intuición implica unha ausencia de pensamento e o único xeito de captar un obxecto sen pensalo e mediante a intuición sensible.